En data 18/02/2022, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, WEB2022007410, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do Concello de Valga na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 139.527,35 euros, con destino ao financiamento da achega municipal da anualidade 2022 para o convenio coa Deputación do investimento, “*MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-8501 VALGA-MARTORES, DENDE O P.Q.1+050 ATA O P.Q.1+500*”, cun orzamento total para coñecemento da Administración de 463.292,47 euros, con inclusión da estimación do importe das expropiacións necesarias para a correcta execución das obras, por importe de 770,87 euros.

A financiación do convenio e a petición do *Concello* de financiar a chega municipal con cargo ao Plan Concellos 2022-2023 queda configurada tal e como se establece nas seguintes táboas:

	Achega	%
Deputación de Pontevedra	323.765,12 €	70
Concello de Valga	138.756,48 €	30
TOTAL OBRAS	462.521,60 €	100

As expropiacións necesarias para a realización das mencionadas obras serán financiadas na súa integridade polo Concello de Valga

	Achega	%
Concello de Valga	770,87 €	100
TOTAL EXPROPIACIÓNS	770,87 €	100

A achega do *Concello de Valga* será de 139.527,35 euros (30% do importe das obras mais o importe resultante das expropiacións).



Financiación de parte da achega municipal con cargo ao Plan Concellos 2022-2023:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2022	463.292,47	139.527,35	323.765,12	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	463.292,47	139.527,35	323.765,12	0.00

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, precisando que lle corresponde á Deputación a redacción do proxecto técnico, licitación, dirección, execución e recepción das obras, e a tramitación e xestión do expediente de expropiación para obter os terreos necesarios ao borde da estrada. Emporiso, a execución e a xustificación deste investimento suxeitarase ás normas do plan que se cofinancia coa achega a cargo do POS 2022-2023.

Fundamentación xurídica:

Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, polo que se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril por el que se desenrola o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprende a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 19 LXS que sinala que a normativa reguladora da subvención poderá exixir un importe de financiación propia para cubrir a actividade subvencionada.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 40 do TRLRFL no que se establece que as subvencións de toda índole que obteñan as Entidades Locais con destino ás súas obras e servizos non poderán ser aplicadas a atencións distintas de aquelas para as que foron outorgadas, salvo que, no seu caso, os sobrantes non reintegrables cuxa utilización non estivese prevista na concesión.



- Artigo 181 do TRLRFL que sinala que poderán xerar crédito nos estados de gastos dos orzamentos, na forma que regulamentariamente se estableza, os ingresos de natureza non tributaria derivados das seguintes operacións; a) aportacións ou compromisos firmes de aportación de persoas físicas ou xurídicas para financiar, xuntamente coa entidade local ou con algún dos seus organismos autónomos, gastos que pola súa natureza están comprendidos nos seus fins ou obxectivos.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Artigo 30 do RD 500/1990, en atención ao cal os créditos consignados no orzamento de gastos, así como os procedentes das modificacións orzamentarias, con carácter xeral, en calquera das tres situacións seguintes: a) créditos dispoñibles; b) créditos retidos pendentes de utilización; c) créditos non dispoñibles.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo á Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.





De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do xefe dos servizo Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra, de data 13/10/2021, do Técnico de Proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, de data 28/10/2021, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 23/02/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 01/03/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Valga* CIF P3605600J a cantidade de 139.527,35 €, con destino ao financiamento do investimento “(Acheга municipal do convenio coa Deputación de Pontevedra) Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil na EP-8501 Valga-Martores, dende o P.Q.1+050 ata o P.Q.1+500” (Expte.2022008715) cun orzamento polo importe de 463.292,47 €, distribuída segundo a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2022	463.292,47	139.527,35	323.765,12	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	463.292,47	139.527,35	323.765,12	0,00

- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 22/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto. Unha vez concedida a subvención, xerarase crédito na aplicación orzamentaria correspondente e realizaranse as oportunas operacións en formalización.
- Convén lembrar que a execución e xustificación deste investimento rexerese polas normas do plan que se co-financia, sen que en ningún caso poida exceder dos prazos que se recollen na Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Así mesmo, de acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o concello de Valga deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Valga*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



12.31428.- DESISTENCIA DO CONCELLO DE CUNTIS, Á SUBVENCIÓN OUTORGADA PARA O FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REHABILITACIÓN INTEGRAL DO EDIFICIO DOS ANTIGOS TELÉGRAFOS PARA USO MUNICIPAL” AO ABEIRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2020-LIÑA 1. (Expte.2020029526)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión do día 29/11/2019, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020”, que recolle os procedementos para conceder subvencións a 59 municipios da provincia para financiar actuacións e investimentos, propostas que deben estar relacionadas coas materias que os municipios exercen como competencias propias ou, en todo caso, as atribuídas por delegación, de conformidade co artigo 7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e as distintas das propias e as de delegación segundo o artigo 3 da lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. Ditas bases e o extracto da convocatoria publicouse no BOPPO nº 1, do 02/01/2020.

A súa vez, a base 17ª das reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020 Liña 1 – Investimentos, lexitima ós concellos a solicitar unha modificación dos acordos ou resolucións de concesión sempre e cando non se prexudiquen dereitos de terceiros e se solicite antes de conclúa o prazo para a realización das actividades obxecto de subvención.

No marco do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020 Liña 1 – Investimentos, mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 4.29726 de data 18 de Decembro de 2020, concedéuselle ao concello de CUNTIS unha subvención, por importe de 100.000,00 euros, co obxecto do financiamento do investimento “REHABILITACION INTEGRAL DO EDIFICIO DOS ANTIGOS TELEGRAFOS PARA USO MUNICIPAL” (exp: 2020029526), cun orzamento que ascende a 240.007,38 euros, sendo a achega municipal de 140.007,38 euros.

A concesión da subvención foi publicada no BOPPO núm. 7 de data 13/01/2021.

En data 13/12/2021, emendado en data 25/02/2022, consta entrada na sede electrónica da Deputación (WEB2022009526), instancia do *Concello de Cuntis* na que manifesta a necesidade de desistir a subvención arriba referida “REHABILITACION INTEGRAL DO EDIFICIO DOS ANTIGOS TELEGRAFOS PARA USO MUNICIPAL” debido á necesidade de realizar unha actuación de reparación urxente de vías, os cales se atopan moi deteriorados supoñendo un perigo para as persoas que transitan polos mesmos, e para a cal o concello non conta con crédito suficiente para levar a cabo dita actuación.



Neste contexto, o concello solicita a aprobación, por parte deste organismo, á desistencia presentada e que o crédito dispoñible por mor da mesma se poida aplicar no financiamento da nova actuación (“Mellora dos accesos ós núcleos de Vilariño, Montesandeu e Carreira Ancha”) que pretende acometer o concello.

#### Fundamentación xurídica:

##### Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL).
- Carta Europea de Autonomía Local, Estrasburgo 15/10/1985.
- Bases de execución do vixente Orzamento Provincial.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases reguladoras do *Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020*.
- Sentenza do Tribunal Constitucional 41/2016, de 3 de marzo.
- Tratado de Funcionamento da Unión Europea.
- Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea.

#### Consideracións xurídicas:

##### Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do *Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020*, relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que o procedemento de concesión de axudas é do de concorrencia non competitiva.

#### Petición e evacuación de informes:

- Artigo 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



Procedencia da autorización:

- Base 17ª das reguladoras do *Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020*, que nos termos que se recollen no RLXS e na Ordenanza de subvencións da Deputación, dispón que unha vez recaída a resolución de concesión, antes de que conclúa o prazo para a realización das actividades ou investimentos obxecto de subvención e sempre e cando non se prexudiquen intereses de terceiros, poderase solicitar un cambio de destino pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada ou a modificación do contido sen variar a tipoloxía da actuación inicialmente aprobada nin incrementar a contía subvencionada.
- Artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude e, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar ós seus dereitos. Pola súa banda os puntos 2, 3, 4 e 5 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderá facerse con calquera medio que permita a súa constancia e, en principio, a Administración as aceptará de plano e declarará concluso o procedemento, agás que, acudíndose no mesmo terceiros interesados, estes insten a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos o informe da xefa do servizo de Cooperación de data 03 de marzo de 2022 que conclúen favorablemente a tramitación do expediente, e do informe da intervención provincial, de data 4 de marzo de 2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a desistencia da subvención concedida ao *Concello De Cuntis* para o financiamento do investimento “*Rehabilitación Integral do edificio dos antigos telégrafos para uso municipal*” (Expte.2020029526) ao abeiro do Plan Concellos 2020.
- Deixar en dispoñible o crédito previamente comprometido, na aplicación orzamentaria 2022/942.9425.762.45.2020, por un importe de 100.000,00 euros, dentro do correspondente proxecto de gasto, para financiar un novo investimento que o *Concello de Cuntis* pretende acometer.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Cuntis*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



13.31429.- DESISTENCIA PARCIAL DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLO INSTITUTO PARA DIVERSIFICACIÓN E AFORRO DA ENERXÍA (IDAE) O PROXECTO IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004631 “SISTEMAS SOSTIBLES DE XESTIÓN DE AUGAS I”. (Expte.2020032981)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

*“Á vista do solicitude de desistencia parcial, remitida polo concello de Marín o día 23/02/2022 e rexistro de entrada número WEB2022008503, á subvención concedida polo IDAE ó proxecto núm. FEDER-EELL-2020-004631 “SISTEMAS SOSTIBLES DE XESTIÓN DE AUGAS I” e á axuda concedida pola Deputación ao seu abeiro ao concello de Marín e co obxecto de dar trámite a solicitude de desistencia recibida, a Xefa do Servizo de Cooperación, emite o seguinte*

**I. ANTECEDENTES**

- *No marco da convocatoria de axudas para proxectos de entidades locais que favorezan el paso a unha economía baixa en carbono (FEDER - POPE 2014-2020) do IDAE, en data 02/12/2021 (Rexistro de entrada número: 2021029420) recíbese Resolución do Director Xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude, e concédese a subvención con cargo a FEDER por importe de 692.303,08 euros, asignándosele o número de proxecto FEDER-EELL-2020-004631 As actuacións incluídas xunto coa distribución do seu financiamento reflíctense na seguinte táboa:*

PROXECTO IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004631 “SISTEMAS SOSTIBLES DE XESTIÓN DE AUGAS I: Sistemas sostibles de xestión de augas nos concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Pontearreas e Pontecesures”				
CONCELLO	CUSTE TOTAL ELIXIBLE	SUBVENCIÓN IDAE (80% FEDER)	ACHEGA DEPUTACION DE PONTEVEDRA	ACHEGA CONCELLOS
<i>A Cañiza</i>	130.417,15 €	104.333,71 €	10.000,00 €	16.083,44 €
<i>O Grove</i>	98.133,21 €	78.506,53 €	9.813,32 €	9.813,36 €
<i>Pontecesures</i>	99.627,41 €	79.701,91 €	9.962,74 €	9.962,76 €
<i>Meis</i>	99.801,41 €	79.841,12 €	9.980,14 €	9.980,15 €
<i>Nigrán</i>	154.063,93 €	123.251,11 €	10.000,00 €	20.812,82 €
<i>Pontearreas</i>	99.688,69 €	79.750,93 €	9.968,87 €	9.968,89 €
<i>Barro</i>	84.801,50 €	67.841,20 €	8.480,15 €	8.480,15 €
<i>Marín</i>	98.845,74 €	79.076,57 €	9.884,57 €	9.884,60 €
<i>Total</i>	865.379,04 €	692.303,08 €	78.089,79 €	94.986,17 €



- En data 23 de decembro de 2021, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria adoptou, entre outros, o acordo núm. 5.31102 de aceptación da axuda concedida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) o proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004631 “SISTEMAS SOSTIBLES DE XESTIÓN DE AUGAS I: sistemas sostibles de xestión de augas nos concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Pontearreas e Pontecesures” e concesión de axuda comprometida pola Deputación ao seu abeiro aos concellos beneficiarios. As actuacións referidas ao concello de Marín incluídas xunto coa distribución do seu financiamento reflíctense na seguinte táboa:

Concello/ CONCELLO	Investimento elixible admitido	Axuda IDAE outorgada (80% FEDER)	Achega da Deputación de Pontevedra	Achega do Concello
Concello de Marín	98.845,74 €	79.076,57 €	9.884,57 €	9.884,60 €

- Resultando que, en data 23/02/2022, co núm. de rexistro WEB2022008503 consta entrada na Deputación un certificado da secretaria do concello de Marín, polo que en Xunta de Goberno local acordan desistir de parte da subvención concedida. Concretamente do obxecto do financiamento da “EDAR Pastoriza” como consecuencia do funcionamento inadecuado da EDAR Pastoriza recentemente o concello licitou obras para substituír dita dotación por un novo colector que conecte a rede existente no núcleo de poboación de Pastoriza co resto da rede de saneamento municipal, no núcleo de Picotes, facendo a súa vertedura final na EDAR de Praceres, en Pontevedra. Por este motivo, xa non ten sentido a mellora enerxética prevista na Memoria presentada como proposta de gasto para obter o financiamento do FEDER a través do IDAE no momento da aprobación do Acordo de adhesión ao proxecto por Decreto de alcaldía en data 20/11/2019.
- Tendo en conta a desistencia parcial das actuacións de mellora da eficiencia enerxética da “EDAR Pastoriza” con un investimento estimado de 27.674,07 € (dos cales o IDAE concedeu unha axuda de 22.139,25 €) acordada polo concello de Marín, o novo cadro de financiamento das actuacións a realizar no concello de Marín, dentro do proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004631 “SISTEMAS SOSTIBLES DE XESTIÓN DE AUGAS I, quedaría dos seguinte xeito:

Concello/ CONCELLO	Investimento elixible admitido	Axuda IDAE outorgada (80% FEDER)	Achega da Deputación de Pontevedra	Achega do Concello
Concello de Marín	71.171,67 €	56.937,32 €	7.117,17 €	7.117,18 €



- *A desistencia liberará o crédito dispoñible previamente comprometido, de forma proporcional a actuación obxecto da desistencia parcial por parte do concello de Marín, por importe de 2.767,40 euros na aplicación 22/942.1700.652.15.2021 do vixente orzamento provincial e no correspondente proxecto de gasto.*

## II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)*
- *Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)*
- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)*
- *Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.*
- *Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. (Real Decreto 616/2017)*
- *Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.*

*Consideracións Xurídicas.*

*Competencia:*

- *De acordo artigo 8.1 do Real Decreto 616/2017, os beneficiarios estarán obrigados a comunicar de inmediato ao IDAE, mesmo durante a tramitación da solicitude, calquera modificación das condicións inicialmente informadas coa documentación que acompaña á solicitude. En consecuencia, toda alteración das condicións tidas en conta para a tramitación da solicitude poderá dar lugar á modificación da resolución, sen prexuízo de que a non comunicación destas modificacións sexa causa suficiente para a revogación da selección do proxecto.*
- *Segundo o artigo 34.1.f da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para a realización dos trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento, ou pola Xunta de Goberno.*



- Segundo o establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.
- Artigo 36.1.d) da LRBRL polo que a Deputación compételle a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.
- Artigo 26.1.a) da LRBRL, que establece como servizo a prestar en todo caso en tódolos concellos o abastecemento de auga potable.

#### *Petición e evacuación de informes:*

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.

#### *Resolución do expediente:*

- O artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude e, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda os puntos 2, 3, 4 e 5 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderá facerse con calquera medio que permita a súa constancia e, en principio, a Administración as aceptará de plano e declarará concluso o procedemento, agás que, persóandose no mesmo terceiros interesados, estes insten a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.
- O artigo 63 do Real Decreto 887/2006 establece que mediante resolución acordarase tanto o outorgamento das subvencións, como a desestimación e a non concesión, por desistencia, a renuncia ao dereito ou a imposibilidade material sobrevinda; neste mesmo sentido se pronuncia o artigo 16 da Ordenanza Xeral.
- Segundo o artigo 34.1.f da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para a realización dos trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento, ou pola Xunta de Goberno.
- Segundo o establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

### III. CONCLUSIÓN

*Xuridicamente, a desistencia parcial é a declaración unilateral do interesado de abandonar unha pretensión nun procedemento xa iniciado configurándose como un modo anormal de terminación do mesmo,*





*O artigo 94 da LPACAP contempla de forma conxunta a desistencia parcial e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.*

*A Lei esixe como requisitos da desistencia parcial, a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as ffirmas que correspondan).*

*Con suxeición ao antedito, o Concello de Marín presenta, en data 23/02/2022 e co núm. de rexistro WEB2022008503, a súa desistencia formal a parte da subvención concedida co obxecto do financiamento do proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004631 “SISTEMAS SOSTIBLES DE XESTIÓN DE AUGAS I: SISTEMAS SOSTIBLES DE XESTIÓN DE AUGAS NOS CONCELLOS DE BARRO, A CAÑIZA, O GROVE, MARIN, MEIS, NIGRAN, PONTEAREAS E PONTECESURES” a que o debido funcionamento inadecuado da EDAR, o concello xa licitou obras para substituír dita dotación por un novo colector que conecte o núcleo da Pastoriza co resto da rede de saneamento municipal.*

*Como consecuencia deste cúmulo de circunstancias, o Concello convén presentar a súa desistencia parcial á subvención concedida con destino ao financiamento das actuacións levar a cabo a mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas, coa fin de que favorezan o paso a unha economía baixa en contidas no citado proxecto IDAE NUM. FEDER-EELL-2020-004631, a fin de que o crédito dispoñible por mor da desistencia se libere.*

*Por todo o exposto, e a vista dos antecedentes e fundamentos de dereito aplicables INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación deste expediente de MARÍN, CIF.: P3602600C e PROPOÑO que se acepte a desistencia parcial á subvención concedida polo IDAE ó proxecto núm. FEDER-EELL-2020-004631 “SISTEMAS SOSTIBLES DE XESTIÓN DE AUGAS I” e á axuda concedida pola Deputación ao seu abeiro ao concello de Marín. A desistencia liberará o crédito previamente comprometido, por importe de 2.767,40 euros na aplicación 22/942.1700.652.15.2021 do vixente orzamento provincial e no correspondente proxecto de gasto.*

#### IV. RÉXIME COMPETENCIAL

*En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, nas bases específicas de execución do vixente orzamento provincial e demais lexislación de aplicación, correspóndelle á Xunta de Goberno a aceptación da desistencia.*

*Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.*

*Pontevedra, na data da sinatura electrónica.*

*A xefa do servizo de Cooperación  
(documento asinado electronicamente á marxe)*

*Marina Piñeiro Novo”.*



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 01/03/2022, e da Intervención Provincial de data 03/03/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a desistencia parcial do *Concello de Marín* á subvención concedida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004631 “*Sistemas sostibles de xestión de augas I*” e á axuda concedida pola Deputación ao seu abeiro ao concello de Marín mediante o Acordo número 5.31102 adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria 23 de decembro de 2021.
- Liberar o crédito previamente comprometido, por importe de 2.767,40 € na aplicación 22/942.1700.652.15.2021 do vixente orzamento provincial e no correspondente proxecto de gasto.
- Darlle traslado do presente acordo ó *Concello de Marín*, ó Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), á Intervención, ó Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.

14.31430.- MODIFICACIÓN DO PRAZO DE FORMALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓNS NECESARIAS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004561 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE VI: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DE ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE A GUARDA, CAMBADOS, CRECENTE, FORCAREI E O GROVE”. (Expte. 2020031411)

No expediente consta o informe da Xefa do Servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

*“Á vista da Resolución favorable de concesión da axuda polo IDAE con destino ao proxecto IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004561 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE VI: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DE ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE A GUARDA, CAMBADOS, CRECENTE, FORCAREI E O GROVE”, e co obxecto de solicitar a modificación da axuda concedida mediante Resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada na Deputación de Pontevedra número 2021012895 e data 20/05/2021 a Xefa do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:*

## I. ANTECEDENTES

- *Dentro das competencias que lle atribúe a Lei 7/1985, do 2 de abril (BOE núm. 80 do 3 de abril), reguladora das Bases de Réxime Local ás deputacións provinciais está, segundo o artigo 36.1.d, a “cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.*



- *Que mediante Resolución presidencial número 2020001863 de data 31/07/2020, corrixida pola Resolución presidencial número 2021001174 de data 26/02/2021 a Deputación aprobou a presentación da solicitude de axudas do proxecto IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004561 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE VI: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE A GUARDA, CAMBADOS, CRECENTE, FORCAREI E O GROVE” no marco da “Medida 6. Renovación das instalacións de alumeado, iluminación e sinalización exterior” definida no anexo I do Real decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións aos proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha Economía Baixa en Carbono, no marco do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014- 2020 (modificado polo Real Decreto 316/2019, de 26 de abril)*
- *O 04/09/2020 preséntase ante o IDAE o citado proxecto “Iluminación Exterior Sostible VI: Renovación das instalacións do alumeado exterior dos municipios de A Guarda, Cambados, Crecente, Forcarei e O Grove”, asignándosele o rexistro núm. 202000010197. Tras a súa avaliación, en data 20/05/2021 (rexistro de entrada número: 2021012895) recíbese Resolución do Director Xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude, e se concede a subvención con cargo a FEDER por importe de 783.192,94 euros, asignándosele o número de proxecto FEDER-EELL-2020-004561.*
- *O obxecto do proxecto consiste na mellora da eficiencia enerxética das instalacións de alumeado, iluminación e sinalización exterior dos Concellos. Con estas actuacións conseguirase un aforro estimado no consumo da enerxía eléctrica da instalación reformada en polo menos, un 30%.*
- *Na devandita resolución, pola que se estima favorablemente a solicitude de axuda á Deputación de Pontevedra para o proxecto citado resólvese, entre outras, as seguintes cuestións:*

Importe da axuda concedida

*Conceder a DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, titular de NIF: P3600000H, unha axuda por importe máximo de 783.192,94 €*

Custe elixible admitido para o proxecto

*O custe elixible admitido é o seguinte:*

Municipio	Medida	Instalación	Inversión total admitida	Coste elixible admitido	*Coste subvencionable admitido	Axuda a outorgar (cofinanciación FEDER)
CAMBADOS	Medida 6	Alumeado exterior Cambados	252.286,28	252.286,28	252.286,28	201.829,02
CRECENTE	Medida 6	Alumeado exterior Crecente	199.682,30	199.682,30	199.682,30	159.745,84
A GUARDA	Medida 6	Alumeado exterior A Guarda	47.547,26	47.547,26	47.547,26	38.037,80
FORCAREI	Medida 6	Alumeado exterior Forcarei	200.370,76	200.370,76	200.370,76	160.296,60
O GROVE	Medida 6	Alumeado exterior O Grove	279.104,60	279.104,60	279.104,60	223.283,68
		Total	978.991,20	978.991,20	978.991,20	783.192,94



#### Aceptación da axuda.

De conformidade co previsto no apartado 7 do artigo 13 das bases que rexen esta convocatoria, o beneficiario deberá notificar ao IDAE a súa aceptación da resolución e as condicións nela impostas, no prazo máximo de (30) trinta días naturais desde a data de recepción da resolución pola que se acorde a selección do proxecto, mediante escrito dirixido ao Órgano Instrutor, facendo referencia á notificación recibida.

#### Condicións e termos da concesión da axuda

Nun prazo máximo de (1) un ano desde a notificación da resolución de concesión da axuda, o beneficiario deberá acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, da documentación que o acredite, como os pregos de condicións administrativas e técnicas do concurso e o contrato. O prazo máximo para a conclusión das actuacións acollidas á convocatoria é o 31 de xullo de 2023, a cuxo efecto deberá achegarse un certificado final de obra, onde conste dita data, asinado polo técnico competente, todo iso salvo a eventual ampliación do prazo de execución nos termos previstos no artigo 14.3 da convocatoria de axudas, que en calquera caso estará supeditada ao cumprimento dos prazos para verificación e certificación establecidos no Programa Operativo FEDER Plurirexional de España 2014-2020 ( POPE) para o ano 2023.

- Neste sentido e conforme ao recollido no artigo 214 do TRLRFL, a Intervención da Deputación de Pontevedra o 26/4/2021 emitiu informe favorable previo á aceptación da axuda concedida, indicando que “corresponde á Xunta de Goberno, en aplicación da base número 16 das aprobadas para a execución do vixente orzamento
- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 4 de xuño de 2021, adoptou, entre outros, o acordo número 22.30387 de aceptación da axuda concedida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004561 “Renovación das instalacións do alumeadado exterior dos municipios de A Guarda, Cambados, Crecente, Forcarei e O Grove” (expte. 2020031411).
- O 14/10/2021 presentouse a través da plataforma web do IDAE a documentación acreditativa do inicio de tramitación dos contratos necesarios para a execución das actuacións obxecto de axuda do expediente IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004561 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE VI: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE A GUARDA, CAMBADOS, CRECENTE, FORCAREI E O GROVE”.
- Posteriormente a Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 08 de outubro de 2021, adoptou, entre outros, o acordo 9.30861 de aprobación de expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto do “servizo de asistencia técnica para a redacción dos proxectos e dirección de obras de renovación das instalacións de iluminación exterior dos proxectos IDAE núm. FEDER EELL 2020004168, FEDER EELL 2020004561, FEDER EELL 2020004515, FEDER EELL 2020004530 E FEDER EELL 2020004626”, que conta con cofinanciamento do 80% do FEDER A través da convocatoria de axudas do IDAE. (Expte. 2021040008)”.



- *O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación (Plataforma de Contratación do Sector Público na data 13/10/2021. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.*
- *Finalizado o prazo para a presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa sesión de data 18/11/2021 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa. A continuación, procedeu á apertura dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas. Unha vez realizado o exame das ofertas presentadas, a Mesa de Contratación observa que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, a proposta da empresa LETTER INGENIEROS, S.L. (CIF: B-19.522.028) presenta un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo total ofertado para o conxunto dos proxectos que integran o lote 2 do contrato, polo que se lle require xustificación.*
- *Finalmente o día 03/03/2022 publícase na Plataforma de Contratación do Sector Público o anuncio de formalización dos 5 lotes do contrato de “Servizo de asistencia técnica para a redacción dos proxectos e dirección de obras de renovación das instalacións de iluminación exterior dos proxectos IDAE núm. FEDER EELL 2020004168, FEDER EELL 2020004561, FEDER EELL 2020004515, FEDER EELL 2020004530 E FEDER EELL 2020004626” a favor da empresa LETTER INGENIEROS, S.L. (CIF: B-19.522.028). A empresa adxudicataria ten un prazo máximo de (2) dous meses para a redacción dos proxectos correspondentes as actuacións dos expedientes IDAE mencionados.*
- *A pesar de iniciarse o procedemento de dentro do prazo a súa formalización acumulou incidencias, debido a necesidade de xustificar por parte do licitador un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo total ofertado nun dos lotes, que non permitiron formalizar os correspondentes contratos administrativos e, consecuentemente, iniciar os traballos necesarios para a redacción dos proxectos e a dirección de obras de renovación das instalacións de iluminación exterior dos proxectos IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004561.*
- *Ante esta circunstancia imprevista, coa fin de garantir o deber do beneficiario de acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, e non prexudicando os intereses de terceiros é aconsellable a ampliación do prazo máximo de (1) un ano, regulado no 13.8. b do Real Decreto 616/2017, en (6) seis meses adicionais; sendo deste xeito o 20/11/2022 a data máxima para realizar o citado trámite de acreditación ante o IDAE da formalización dos contratos relativos á execución das actuacións do proxecto FEDER-EELL-2020-004561.*

## II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS)*
- *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)*



- *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)*
- *Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)*
- *Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. (Real Decreto 616/2017)*
- *Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.*

### CONSIDERACIONES XURÍDICAS

#### *Competencia:*

- *O artigo 13.8. b do Real Decreto 616/2017 que establece que nun prazo máximo de (1) un ano desde a notificación da resolución de concesión da axuda, o beneficiario debe acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, da documentación que o acredite, como os pregos de condicións administrativas e técnicas do concurso e o contrato.*
- *De conformidade co previsto o artigo 14 do Real Decreto 616/2017, as condicións iniciais obxecto da resolución da solicitude correspondente poderán ser modificadas, sempre que os cambios non afecten os obxectivos perseguidos polo presente real decreto ou aos aspectos fundamentais das actuacións propostas, que sempre deberán estar en consonancia co establecido no POCS. A modificación da resolución haberá de ser solicitada polo beneficiario antes de que conclúa o prazo para a realización da actuación subvencionable e a decisión sobre a aceptación ou non da devandita solicitude de modificación corresponderá ao Director Xeral do IDAE, que ditará a correspondente resolución estimando ou desestimando a modificación solicitada. No caso de estimarse a modificación solicitada, a resolución conterá o contido mínimo establecido no artigo 13.5, resultando aplicables, igualmente, as previsións contidas respecto á aceptación do beneficiario no apartado 7 do mesmo precepto.*
- *De conformidade co artigo 64 Real do Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, unha vez recaída a resolución de concesión, o beneficiario poderá solicitar a modificación do seu contido, se concorren as circunstancias previstas a tales efectos nas bases reguladoras, tal como establece o artigo 17.3 l) da Lei, que se poderá autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.*
- *Tendo en conta o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no que se indica que a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate.*



- Segundo o artigo 34.1.f da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para a realización dos trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento, ou pola Xunta de Goberno.
- Segundo o establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLGs, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.
- Artigo 36.1.d) da LRBRL polo que á Deputación lle compete a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.
- Artigo 26.1.a) da LRBRL, que establece como servizo a prestar en todo caso en todos os concellos a iluminación pública.

#### *Petición e evacuación de informes:*

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.

#### *Resolución do expediente:*

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición de diñeiro entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, ou á adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se establecerán.
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 36.2.b) da LRBRL, polo que as deputacións poderán conceder subvencións con cargo aos seus propios recursos para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.
- Artigo 14 do Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que as condicións iniciais obxecto da resolución da solicitude correspondente poderán ser modificadas, sempre que os cambios non afecten os obxectivos perseguidos polo presente real decreto ou aos aspectos fundamentais das actuacións propostas, que sempre deberán estar en consonancia co establecido no POCS.



### III.- CONCLUSIONES:

O proxecto IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004561 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE VI: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE A GUARDA, CAMBADOS, CRECENTE, FORCAREI E O GROVE” no marco das actuacións ao abeiro do programa de Economía Baixa en Carbono, foi presentado ante o IDAE pola Deputación coa fin de mellorar a eficiencia enerxética das instalacións de alumeado, iluminación e sinalización exterior dos concellos. Con esta actuación conseguírase un aforro estimado no consumo do 30%.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 8 de outubro de 2021, adoptou, entre outros, o acordo 9.30861 de aprobación de expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto da obra “servizo de asistencia técnica para a redacción dos proxectos e dirección de obras de renovación das instalacións de iluminación exterior dos proxectos IDAE núm. FEDER EELL 2020004168, FEDER EELL 2020004561, FEDER EELL 2020004515, FEDER EELL 2020004530 E FEDER EELL 2020004626”. Finalizado o prazo para a presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa sesión de data 18/11/2021 comprobou que a proposta da empresa LETTER INGENIEROS, S.L. (CIF: B-19.522.028) presenta un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo total ofertado para o conxunto dos proxectos que integran o lote 2 do contrato.

O día 03/03/2022 publicase na Plataforma de Contratación do Sector Público o anuncio de formalización dos 5 lotes do contrato citado no parágrafo anterior á empresa LETTER INGENIEROS, S.L. (CIF: B-19.522.028). A empresa adxudicataria ten un prazo máximo de (2) dous meses para a redacción dos proxectos correspondentes as actuacións dos expedientes IDAE mencionados.

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para garantir a correcta execución do citado proxecto é necesario a ampliación do prazo máximo de (1) un ano desde a data de notificación da resolución de concesión da axuda, na que o beneficiario debe acreditar a formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto da axuda regulado no artigo 13.8.b del Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, modificado polo Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, en (6) seis meses adicionais; sendo de este modo a data máxima para acreditar a formalización o 20/11/2022.

Esta ampliación de (6) meses solo afecta ao trámite de xustificación da formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións do citado expediente, manténdose invariable o prazo máximo para a conclusión das actuacións que será o 31/07/2023.

En consecuencia a solicitude de ampliación é previa á finalización de ambos prazos máximos, tanto do prazo para acreditar a formalización dos contratos como do prazo máximo establecido para a execución das actuacións recollidas no proxecto.

Nesta mesma liña conclúese que a concesión da ampliación do prazo para acreditar a formalización dos contratos para a execución das actuacións recollidas no proxecto IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004561 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE VI: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE A GUARDA, CAMBADOS, CRECENTE, FORCAREI E O GROVE” non constitúe un prexuízo a terceiros.





*Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación deste expediente e PROPOÑO a MODIFICACIÓN DO PRAZO DE FORMALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓN NECESARIAS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓN OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004561 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE VI: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DE ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE A GUARDA, CAMBADOS, CRECENTE, FORCAREI E O GROVE”.*

#### IV. RÉXIME COMPETENCIAL

*En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.*

*Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.*

*Pontevedra, na data da sinatura electrónica.*

*A xefa do servizo de Cooperación*

*(documento asinado electronicamente á marxe)*

*Marina Piñeiro Novo”*

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación do 03/03/2022, e da Intervención Provincial de data 04/03/2022, Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Solicitar ao Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) a modificación do prazo máximo de (1) un ano, desde a notificación da resolución de concesión da axuda, para acreditar que se formalizaron as contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto de axuda ao proxecto denominado IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004561 “*Iluminación exterior sostible VI: renovación das instalacións de alumeado exterior dos municipios de A Guarda, Cambados, Crecente, Forcarei e O Grove*”, cuxo vencemento é 20/05/2022, en (6) seis meses adicionais; ampliándose deste xeito o prazo máximo para acreditar a devandita formalización ao 20/11/2022.
- Darlle traslado do presente acordo ao Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), a Intervención, ao Servizo de Cooperación cos Municipios e ao Gabinete de Presidencia



15.31431.- MODIFICACIÓN DO PRAZO DE FORMALIZACIÓN DAS CONTRATACIONES NECESARIAS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓN S OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004626 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE IX: RENOVACIÓN DAS INSTALACIONES DO ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE PORTAS, VALGA, VILANOVA DE AROUSA E VILAGARCÍA DE AROUSA”. (Expte. 2020032941)

No expediente consta o informe da Xefa do Servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

*“Á vista da Resolución favorable de concesión da axuda polo IDAE con destino ao proxecto IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004626 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE IX: renovación das instalacións do alumeado exterior dos municipios de Portas, Valga, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa”, e co obxecto de solicitar a modificación da axuda concedida mediante Resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada na Deputación de Pontevedra número 2021009009 e data 14/04/2021 a Xefa do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:*

I. ANTECEDENTES

- *Dentro das competencias que lle atribúe a Lei 7/1985, do 2 de abril (BOE núm. 80 do 3 de abril), reguladora das Bases de Réxime Local ás deputacións provinciais está, segundo o artigo 36.1.d, a “cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.*
- *Que mediante Resolución presidencial número 2020002666 de data 18/09/2020, corrixida pola Resolución presidencial número RP2021001195 de data 02/03/2021 a Deputación aprobou a presentación da solicitude de axudas do proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004626 “Iluminación Exterior Sostible IX: Renovación das instalacións do alumeado exterior dos municipios de Portas, Valga, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa” no marco da “Medida 6. Renovación das instalacións de alumeado, iluminación e sinalización exterior” definida no anexo I do Real decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións aos proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha Economía Baixa en Carbono, no marco do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014- 2020 (modificado polo Real Decreto 316/2019, de 26 de abril)*
- *O 21/10/2020 preséntase ante o IDAE o citado proxecto “Iluminación Exterior Sostible IX: Renovación das instalacións do alumeado exterior dos municipios de Portas, Valga, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa”, asignándosele o rexistro núm. 202000012762. Tras a súa avaliación, en data 14/04/2021 (rexistro de entrada número: 2021009009) recíbese Resolución do Director Xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude, e se concede a subvención con cargo a FEDER por importe de 743.590,47 euros, asignándosele o número de proxecto FEDER-EELL-2020-004626.*



- O obxecto do proxecto consiste na mellora da eficiencia enerxética das instalacións de alumeados, iluminación e sinalización exterior dos Concellos. Con estas actuacións conseguirase un aforro estimado no consumo da enerxía eléctrica da instalación reformada en polo menos, un 30%.
- Na devandita resolución, pola que se estima favorablemente a solicitude de axuda á Deputación de Pontevedra para o proxecto citado resólvese, entre outras, as seguintes cuestións:

Importe da axuda concedida

Conceder a DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, titular de NIF: P3600000H, unha axuda por importe máximo de 743.590,47 €

Custe elixible admitido para o proxecto

O custe elixible admitido é o seguinte:

Municipio	Medida	Instalación	Inversión total admitida	Coste elixible admitido	*Coste subvencionable admitido	Axuda a outorgar (cofinanciación FEDER)
PORTAS	Medida 6	Alumeado exterior Portas	299.007,12	299.007,12	299.007,12	239.205,69
VALGA	Medida 6	Alumeado exterior Valga	199.072,09	199.072,09	199.072,09	159.257,66
VILANOVA DE AROUSA	Medida 6	Alumeado exterior Vilanova de Arousa	214.562,25	214.562,25	214.562,25	171.649,80
VILAGARCÍA DE AROUSA	Medida 6	Alumeado exterior Vilagarcía de Arousa	216.846,66	216.846,66	216.846,66	173.477,32
		Total	929.488,12	929.488,12	929.488,12	743.590,47

Aceptación da axuda.

De conformidade co previsto no apartado 7 do artigo 13 das bases que rexen esta convocatoria, o beneficiario deberá notificar ao IDAE a súa aceptación da resolución e as condicións nela impostas, no prazo máximo de (30) trinta días naturais desde a data de recepción da resolución pola que se acorde a selección do proxecto, mediante escrito dirixido ao Órgano Instrutor, facendo referencia á notificación recibida.

Condicións e termos da concesión da axuda

Nun prazo máximo de (1) un ano desde a notificación da resolución de concesión da axuda, o beneficiario deberá acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, da documentación que o acredite, como os pregos de condicións administrativas e técnicas do concurso e o contrato.



O prazo máximo para a conclusión das actuacións acollidas á convocatoria é o 31 de xullo de 2023, a cuxo efecto deberá achegarse un certificado final de obra, onde conste dita data, asinado polo técnico competente, todo iso salvo a eventual ampliación do prazo de execución nos termos previstos no artigo 14.3 da convocatoria de axudas, que en calquera caso estará supeditada ao cumprimento dos prazos para verificación e certificación establecidos no Programa Operativo FEDER Plurirexional de España 2014-2020 (POPE) para o ano 2023.

- Neste sentido e conforme ao recollido no artigo 214 do TRLRFL, a Intervención da Deputación de Pontevedra o 26/4/2021 emitiu informe favorable previo á aceptación da axuda concedida, indicando que “corresponde á Xunta de Goberno, en aplicación da base número 16 das aprobadas para a execución do vixente orzamento
- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 30 de abril de 2021, adoptou, entre outros, o acordo número 13.30250 de aceptación da axuda concedida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004626 “Renovación das instalacións do alumeadado exterior dos municipios de Portas, Valga, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa” (expte. 2020032941).
- O 19/07/2021 presentouse a través da plataforma web do IDAE a documentación acreditativa do inicio de tramitación dos contratos necesarios para a execución das actuacións obxecto de axuda do expediente IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004626 “Iluminación Exterior Sostible IX: Renovación das instalacións do alumeadado exterior dos municipios de Portas, Valga, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa”.
- Posteriormente a Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 08 de outubro de 2021, adoptou, entre outros, o acordo 9.30861 de aprobación de expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto do “servizo de asistencia técnica para a redacción dos proxectos e dirección de obras de renovación das instalacións de iluminación exterior dos proxectos IDAE núm. FEDER EELL 2020004168, FEDER EELL 2020004561, FEDER EELL 2020004515, FEDER EELL 2020004530 E FEDER EELL 2020004626”, que conta con cofinanciamento do 80% do FEDER A través da convocatoria de axudas do IDAE. (Expte. 2021040008)”.  
– O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación (Plataforma de Contratación do Sector Público na data 13/10/2021. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.
- Finalizado o prazo para a presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa sesión de data 18/11/2021 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa. A continuación, procedeu á apertura dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas. Unha vez realizado o exame das ofertas presentadas, a Mesa de Contratación observa que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, a proposta da empresa LETTER INGENIEROS, S.L. (CIF: B-19.522.028) presenta un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo total ofertado para o conxunto dos proxectos que integran o lote 2 do contrato, polo que se lle require xustificación.



- Finalmente o día 03/03/2022 publicase na Plataforma de Contratación do Sector Público o anuncio de formalización dos 5 lotes do contrato de “Servizo de asistencia técnica para a redacción dos proxectos e dirección de obras de renovación das instalacións de iluminación exterior dos proxectos IDAE núm. FEDER EELL 2020004168, FEDER EELL 2020004561, FEDER EELL 2020004515, FEDER EELL 2020004530 E FEDER EELL 2020004626” a favor da empresa LETTER INGENIEROS, S.L. (CIF: B-19.522.028). A empresa adxudicataria ten un prazo máximo de (2) dous meses para a redacción dos proxectos correspondentes as actuacións dos expedientes IDAE mencionados.
- A pesar de iniciarse o procedemento de dentro do prazo a súa formalización acumulou incidencias, debido a necesidade de xustificar por parte do licitador un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo total ofertado nun dos lotes, que non permitiron formalizar os correspondentes contratos administrativos e, consecuentemente, iniciar os traballos necesarios para a redacción dos proxectos e a dirección de obras de renovación das instalacións de iluminación exterior dos proxectos IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004626.
- Ante esta circunstancia imprevista, coa fin de garantir o deber do beneficiario de acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, e non prexudicando os intereses de terceiros é aconsellable a ampliación do prazo máximo de (1) un ano, regulado no 13.8. b do Real Decreto 616/2017, en (6) seis meses adicionais; sendo deste xeito o 14/10/2022 a data máxima para realizar o citado trámite de acreditación ante o IDAE da formalización dos contratos relativos á execución das actuacións do proxecto FEDER-EELL-2020-004626.

## II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. (Real Decreto 616/2017)
- Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.



## CONSIDERACIONES XURÍDICAS

### *Competencia:*

- *O artigo 13.8. b do Real Decreto 616/2017 que establece que nun prazo máximo de (1) un ano desde a notificación da resolución de concesión da axuda, o beneficiario debe acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, da documentación que o acredite, como os pregos de condicións administrativas e técnicas do concurso e o contrato.*
- *De conformidade co previsto o artigo 14 do Real Decreto 616/2017, as condicións iniciais obxecto da resolución da solicitude correspondente poderán ser modificadas, sempre que os cambios non afecten os obxectivos perseguidos polo presente real decreto ou aos aspectos fundamentais das actuacións propostas, que sempre deberán estar en consonancia co establecido no POCS. A modificación da resolución haberá de ser solicitada polo beneficiario antes de que conclúa o prazo para a realización da actuación subvencionable e a decisión sobre a aceptación ou non da devandita solicitude de modificación corresponderá ao Director Xeral do IDAE, que ditará a correspondente resolución estimando ou desestimando a modificación solicitada. No caso de estimarse a modificación solicitada, a resolución conterá o contido mínimo establecido no artigo 13.5, resultando aplicables, igualmente, as previsións contidas respecto á aceptación do beneficiario no apartado 7 do mesmo precepto.*
- *De conformidade co artigo 64 Real do Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, unha vez recaída a resolución de concesión, o beneficiario poderá solicitar a modificación do seu contido, se concorren as circunstancias previstas a tales efectos nas bases reguladoras, tal como establece o artigo 17.3 l) da Lei, que se poderá autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.*
- *Tendo en conta o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no que se indica que a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate.*
- *Segundo o artigo 34.1.f da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para a realización dos trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento, ou pola Xunta de Goberno.*
- *Segundo o establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLGS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.*
- *Artigo 36.1.d) da LRBRL polo que á Deputación lle compete a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.*
- *Artigo 26.1.a) da LRBRL, que establece como servizo a prestar en todo caso en todos os concellos a iluminación pública.*



#### *Petición e evacuación de informes:*

- *Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.*
- *Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*
- *Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.*

#### *Resolución do expediente:*

- *Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición de diñeiro entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, ou á adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se establecerán.*
- *Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.*
- *Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.*
- *Artigo 36.2.b) da LRBRL, polo que as deputacións poderán conceder subvencións con cargo aos seus propios recursos para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.*
- *Artigo 14 do Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que as condicións iniciais obxecto da resolución da solicitude correspondente poderán ser modificadas, sempre que os cambios non afecten os obxectivos perseguidos polo presente real decreto ou aos aspectos fundamentais das actuacións propostas, que sempre deberán estar en consonancia co establecido no POCS.*

### **III.- CONCLUSIONES:**

*O proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004626 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE IX: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE PORTAS, VALGA, VILANOVA DE AROUSA E VILAGARCÍA DE AROUSA” no marco das actuacións ao abeiro do programa de Economía Baixa en Carbono, foi presentado ante o IDAE pola Deputación coa fin de mellorar a eficiencia enerxética das instalacións de alumeado, iluminación e sinalización exterior dos concellos. Con esta actuación conseguirase un aforro estimado no consumo do 30%.*



*A Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 8 de outubro de 2021, adoptou, entre outros, o acordo 9.30861 de aprobación de expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto da obra “servizo de asistencia técnica para a redacción dos proxectos e dirección de obras de renovación das instalacións de iluminación exterior dos proxectos IDAE núm. FEDER EELL 2020004168, FEDER EELL 2020004561, FEDER EELL 2020004515, FEDER EELL 2020004530 E FEDER EELL 2020004626”. Finalizado o prazo para a presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa sesión de data 18/11/2021 comprobou que a proposta da empresa LETTER INGENIEROS, S.L. (CIF: B-19.522.028) presenta un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo total ofertado para o conxunto dos proxectos que integran o lote 2 do contrato.*

*O día 03/03/2022 publícase na Plataforma de Contratación do Sector Público o anuncio de formalización dos 5 lotes do contrato citado no parágrafo anterior á empresa LETTER INGENIEROS, S.L. (CIF: B-19.522.028). A empresa adxudicataria ten un prazo máximo de (2) dous meses para a redacción dos proxectos correspondentes as actuacións dos expedientes IDAE mencionados.*

*Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para garantir a correcta execución do citado proxecto é necesario a ampliación do prazo máximo de (1) un ano desde a data de notificación da resolución de concesión da axuda, na que o beneficiario debe acreditar a formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto da axuda regulado no artigo 13.8.b del Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, modificado polo Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, en (6) seis meses adicionais; sendo de este modo a data máxima para acreditar a formalización o 14/10/2022.*

*Esta ampliación de (6) meses solo afecta ao trámite de xustificación da formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións do citado expediente, manténdose invariable o prazo máximo para a conclusión das actuacións que será o 31/07/2023.*

*En consecuencia a solicitude de ampliación é previa á finalización de ambos prazos máximos, tanto do prazo para acreditar a formalización dos contratos como do prazo máximo establecido para a execución das actuacións recollidas no proxecto.*

*Nesta mesma liña conclúese que a concesión da ampliación do prazo para acreditar a formalización dos contratos para a execución das actuacións recollidas no proxecto IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004626 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE IX: renovación das instalacións do alumado exterior dos municipios de Portas, Valga, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa” non constitúe un prexuízo a terceiros.*

*Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación deste expediente e PROPOÑO a MODIFICACIÓN DO PRAZO DE FORMALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓNS NECESARIAS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004626 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE IX: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DO ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE PORTAS, VALGA, VILANOVA DE AROUSA E VILAGARCÍA DE AROUSA”.*





#### IV.- RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

*Pontevedra, na data da sinatura electrónica.*

*A xefa do servizo de Cooperación*

*(documento asinado electronicamente á marxe)*

*Marina Piñeiro Novo*

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación do 03/03/2022, e da Intervención Provincial de data 04/03/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Solicitar ao Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) a modificación do prazo máximo de (1) un ano, desde a notificación da resolución de concesión da axuda, para acreditar que se formalizaron as contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto de axuda ao proxecto denominado IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004626 “*Iluminación exterior sostible ix: renovación das instalacións do alumado exterior dos municipios de Portas, Valga, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa*”, cuxo vencemento é 14/04/2022, en (6) seis meses adicionais; ampliándose deste xeito o prazo máximo para acreditar a devandita formalización ao 14/10/2022.
- Darlle traslado do presente acordo ao Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), a Intervención, ao Servizo de Cooperación cos Municipios e ao Gabinete de Presidencia

16.31432.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 30/07/2021 (NÚM. 7.30633) DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DA LALÍN PARA O INVESTIMENTO “SUBMINISTRO E COLOCACIÓN DE TABOLEIROS DE ANUNCIOS PARA AS PARROQUIA DE LALÍN E HONORARIOS”, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2021 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, POR CAMBIO DE PROXECTO (Expte 2021017889)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión do día 15/12/2020, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021”, que recolle os procedementos para conceder subvencións a 59 municipios da provincia para financiar actuacións e investimentos, propostas que deben estar relacionadas coas materias que os municipios exercen como competencias propias ou, en todo caso, as atribuídas por delegación, de conformidade co artigo 7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e as distintas das propias



e as de delegación segundo o artigo 3 da lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. Ditas bases e o extracto da convocatoria publicouse no BOPPO nº 1, do 04/01/2021.

No marco do devandito Plan, se lle concedeu ao concello de Lalín mediante acordo núm. 7.30633 da Xunta de Goberno desta Deputación de data 30/07/2021, unha subvención por importe de 79.999,39 euros para o investimento “Subministro e colocación de taboleiros de anuncios para as parroquia de Lalín e honorarios” (expediente: 2021017889), cun orzamento polo mesmo importe.

En data 27/01/2022 ten entrada no rexistro da sede electrónica da Deputación WEB2022003027, solicitude do concello de Lalín de modificar o acordo de concesión referido no paragrafo anterior, sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada nin incrementar a contía subvencionada, para o subministro de taboleiros e honorarios pero sen colocación.

En datas posteriores o Concello certifica que o motivo polo que solicita a modificación da subvención, polo mesmo importe pero só para o subministro de taboleiros, sen colocación e debido a situación actual no que se atopa o subministro de materias primas, o cal está causando unha subida continua de prezos, tanto das mencionadas materias primas como en produtos elaborados. Todo elo sen contar a escaseza das mesmas, que provoca amais da subida de prezos, un retraso dos prazos de entrega.

A nova Memoria Técnica denominada “Subministro de taboleiros de anuncios”, foi aprobada por Decreto da Alcaldía de data 27/01/2022, contén as actuacións a realizar co investimento, non modifica a localización dos paneis remitida na solicitude anterior, sendo válida a certificación de titularidade de vías e os informes relativos á normativa sectorial e solicita a súa aprobación.

Fundamentos xurídicos:

Réxime Xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Carta Europea de Autonomía Local, Estrasburgo 15/10/1985.
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Tratado de Funcionamento da Unión Europea.



- Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea.
- Regulamento de Bens das Corporacións Locais RD 1372/1986, de 13 de xuño.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 33/2003, de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas.  
RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

#### Consideracións Xurídicas:

##### Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.

##### Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.

##### Resolución do expediente:

- Artigo 16 da ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación que dispón que salvo que a resolución ou o acordo de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria a subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución/acordo de concesión, incluídos os prazos de execución ou xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou axuda pública.
- A solicitude deberá estar suficientemente xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición da circunstancia que a cause e con antelación á finalidade o prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras da concesión.
- Base 17ª das Reguladoras do PLAN CONCELLOS 2021, que dispón que a modificación da resolución ou acordo de concesión, sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada nin incrementar a contía subvencionada, estará suxeita ao cumprimento dos seguintes requisitos; a) Petición por parte do Concello, que deberá vir motivada, entre outras, nas seguintes circunstancias: (...) Calquera outra circunstancia debidamente motivada e xustificada; b) Acordo do órgano competente do concello que aproba as variacións operadas no proxecto, documento técnico, memoria valorada ou descritiva da actuación que se vai levar a cabo”.



- Os artigos 20 e 21 da Lei Xeral Orzamentaria 47/2003, de 26 de novembro, que dispón a forza vinculante procede a modificación do acordo de concesión da subvención.
- O artigo 19 da Lei Xeral de Subvencións polo que se dispón que as subvencións por si solas ou con outras axudas non pode superar o custe da actividade a desenrolar polo beneficiario.

#### Consideracións finais:

A solicitude do Concello de Lalín axústase as condicións xurídicas expostas.

A normativa en materia de subvencións, tanto estatal, autonómica, como a ditada pola propia Deputación, reflicten como característica diferenciadora a afección da axuda pública ao cumprimento dun obxectivo, neste caso, á execución dun proxecto específico. En consecuencia o interese público perseguido coa concesión da subvención queda delimitado polo propio obxecto da finalidade subvencionable.

Para a concesión da subvención co obxecto do financiamento do investimento “Subministro e colocación de taboleiros de anuncios para as parroquia de Lalín e honorarios” (Exp. 2021017889) tívose en conta un proxecto por importe de 79.999,39 €, que se estimou suficiente e correcto para deducir o seu carácter e a adecuación á convocatoria do Plan Concellos 20221, Liña 1.

Unha vez concedida a subvención polo mesmo importe que o arriba referido orzamento, xurde a necesidade de modificar o acordo de concesión referido no paragrafo anterior, sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada nin incrementar a contía subvencionada. En datas posteriores o Concello certifica que o motivo polo que solicita a modificación da subvención, polo mesmo importe pero só para o subministro de taboleiros, sen colocación e debido a situación actual no que se atopa o subministro de materias primas, o cal está causando unha subida continua de prezos, tanto das mencionadas materias primas como en produtos elaborados. Todo elo sen contar a escaseza das mesmas, que provoca amais da subida de prezos, un retraso dos prazos de entrega.

Conclúese que a nova Memoria Técnica denominada “Subministro de taboleiros de anuncios” foi aprobada por Decreto da Alcaldía de data 27/01/2022, contén as actuacións a realizar co investimento, non modifica a localización dos paneis remitida na solicitude anterior, sendo válida a certificación de titularidade de vías e os informes relativos á normativa sectorial e solicita a súa aprobación.

E conclúese que que esta modificación non supón alteración do orzamento orixinal.

De acordo ao sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento provincial, e visto o informe do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación de data 02/02/2022, que conclúe



favorablemente a modificación, e o informe favorable da Intervención Provincial, de data 24/02/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Modificar o Acordo nº 7.30633 da Xunta de Goberno de data 30/07/2021, polo que se concedía unha subvención de 79.999,39 euros ao concello de Lalín para o investimento “Subministro e colocación de taboleiros de anuncios para as parroquia de Lalín e honorarios” (Expediente 2021017889), por cambio de proxecto técnico.
- Aprobar o cambio de proxecto técnico do investimento de referencia, polo mesmo importe pero só para o subministro de taboleiros, sen colocación.
- Manter invariábel os demais pronunciamentos do Acordo de concesión nº 7.30633 da Xunta de Goberno de 30/07/2021
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Lalín*, a Intervención, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

17.31433.- ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE AO ALUMNADO PARTICIPANTE NO PROXECTO ERASMUS+PRACTICUM DEPO 2021 (1ª MOBILIDADE). (Expte. 2021060768)

O 25 de marzo de 2021 publicouse a convocatoria de propostas 2021 do programa ERASMUS+ (EAC/A01/2021, Diario Oficial da Unión Europea 2021/C103/11 aprobada pola Dirección do Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE), ao abeiro do Regulamento (UE) Nº 2021/817 do Parlamento Europeo e do Consello de data 20 de maio do 2021, pola que se establece o programa “ERASMUS+”, programa de educación, formación, xuventude e deporte da Unión Europea.

O día 14/05/2021 a Deputación de Pontevedra presentou o proxecto denominado “PRACTICUM DEPO 2021” (ID do formulario: KA121-VET-0706FEE4) dentro da acción clave 1 (KA1) “Mobilidade das persoas por motivo de aprendizaxe” que ten as seguintes características:

Obxectivo global: levar a cabo un programa de mobilidade de estudantes graduados de Formación Profesional de ciclos medios pertencentes a distintas familias profesionais co fin de colaborar na súa integración no mundo laboral, a través de prácticas laborais en empresas e institucións estranxeiras.

Nº participantes: 90 estudantes graduados de Formación profesional de ciclos medios pertencentes a distintas familias profesionais, 9 docentes dos centros participantes, correspondentes a persoal para a formación e 1 visita preparatoria.

Duración e prazo de desenvolvemento do programa: 15 meses (dende o 1 de setembro de 2021 ata ao 30 de novembro de 2022) con posible ampliación a 24 meses mediante solicitude aos 12 meses. Estímase que as estadias dos estudantes faranse ao longo de varios períodos a concretar.

Ámbito de actuación do proxecto: Alemaña, Bélxica, Finlandia, Francia, Grecia, Irlanda, Italia, Islandia, Malta, Países Baixos, Polonia, Portugal e Romanía.



Non obstante o anterior, as persoas beneficiarias poderán realizar a mobilidade nun dos países do programa Erasmus+ distinto aos contemplados no ámbito de actuación do proxecto. Isto inclúe países pertencentes á Unión Europea (Austria, Bélxica, Bulgaria, Chipre, Croacia, República Checa, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Francia, Hungría, Letonia, Lituania, Luxemburgo, Polonia, Romanía e Suecia) así como países non pertencentes á mesma (República de Macedonia do Norte, Islandia, Liechtenstein, Noruega, Turquía e Serbia, entre outros).

A Dirección do Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE), emitiu resolución de data 21 de outubro de 2021 pola que se publican os listados de solicitudes seleccionadas, en lista de reserva, rexeitadas e excluídas de Proxectos de Mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe, Acción Clave 1, correspondentes á Convocatoria de Propostas do programa Erasmus+ 2021, concedendo unha axuda para a realización do proxecto “PRACTICUM DEPO 2021” por importe de 911.037,00 euros.

Trátase dun proxecto plurianual (2021-2023) e para a anualidade 2021 realizáronse as operacións de xeración de crédito polo importe da subvención concedida polo SEPIE para ese exercicio e por parte do financiamento propio realizáronse as correspondentes operacións de modificación de crédito, comprometéndose a Deputación de Pontevedra ao financiamento do importe da anualidade do proxecto.

O prazo establecido para levar a cabo este proxecto é de 15 meses (dende o 1 de setembro de 2021 ata ao 30 de novembro de 2022) con posible ampliación a 24 meses mediante solicitude aos 12 meses.

Con data 20/12/2021, a Deputación asinou co SEPIE o convenio a través do cal se acepta a subvención concedida e se asume o compromiso de executar o proxecto nos termos e condicións establecidos.

De acordo co previsto na memoria do proxecto en cada un dos Centros de Formación Profesional constituíuse un Comité de Mobilidade, encargado da selección dos alumnos participantes, concreción do país de destino e data de inicio da prácticas.

Á súa vez, a Deputación creou o comité de mobilidade para o asesoramento en materia xerais relativas á mobilidade do PRACTICUM DEPO 2021, así como calquera outra necesidade e imprevisto relacionado coas prácticas.

Partindo das propostas, dos Centros de Formación Profesional e do Comité de mobilidade da Deputación, os alumnos distribuíranse en varias quendas:

- O primeiro grupo comprende un total de 31 alumnos que iniciarán a mobilidade en marzo do 2022 con destino Italia, Portugal, Malta, Irlanda e Países Baixos.
- Os seguintes grupos comprenderán un número indeterminado de alumnos (a concretar en próximas reunións do consorcio) que iniciarán a mobilidade en xullo e setembro de 2022.



A duración normal das prácticas no país estranxeiro é de 182 días (aproximadamente 6 meses e 2 días), podendo ser superior ou inferior. Se durante este período se cumpren 12 meses a contar dende a finalización dos estudos, nese caso daranse por concluídas en tal data. O importe das bolsas vén determinado polo país de destino e os días de estancia, calculados en cada caso segundo a táboa de módulos do SEPIE.

A axuda financeira farase efectiva previa aceptación por parte do interesado das cantidades asignadas en concepto de axuda individual e axuda de viaxe co compromiso de cumprir cos obxectivos do programa e destinalos aos fins que se determinan mediante a sinatura do convenio de subvención.

O cálculo da axuda está en función do número de días e do país de destino, segundo vén establecido nas táboas de cálculo aprobadas regulamentariamente, polo que este cálculo podería verse modificado no suposto de que se produza unha variación no número de días.

O apartado 1º da cláusula 4 (modalidades de pago) do convenio de subvención Erasmus+ Formación Profesional para estudos e/ou prácticas que se asina entre a institución beneficiaria da subvención (Deputación de Pontevedra) e os participantes establece que nos 30 días posteriores á sinatura do convenio por ambas partes e non mais tarde da data de inicio do período de mobilidade ou tras a recepción da confirmación da chegada, realizarase un pago de prefinanciación ao participante equivalente ao 90% del importe especificado en la cláusula 3. En base ao anterior, a Deputación comprométese a realizar o primeiro pago ao alumnado con anterioridade á data de inicio do período de mobilidade. Este criterio foi ratificado polo SEPIE na auditoría realizada ao proxecto Practicum Depo 2016 os días 21 e 22 de xaneiro de 2019 de cara á xestión de todos os proxectos Erasmus+ futuros.

Considerando o anterior debe advertirse que os pagos efectivos con saída de caudais da Deputación realizados con posterioridade á data de inicio das prácticas do alumnado ou do período de mobilidades de formación e visitas preparatorias dos docentes ou persoal serán considerados como custos non elixibles e, polo tanto, o SEPIE realizará unha corrección financeira do proxecto e reclamará a totalidade das contías que non cumpran os parámetros indicados por consideralas como custos non elixibles.

Con data 04 de marzo de 2022 emitíuse informe – proposta para a adxudicación de bolsas de mobilidade ao alumnado participante no proxecto Practicum Depo 2021 (1ª mobilidade) asinado polo xefe do servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local co visto e prace da Deputada Delegada.

Con data 07 de marzo de 2022 Intervención emitiu informe de fiscalización favorable para a concesión das bolsas de mobilidade a favor do alumnado que participa neste proxecto PRACTICUM DEPO 2021 (1ª mobilidade) detalladas no anexo. A contía ascende a 190.215,00€ que se aboará con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/240.2427.481.01.2021 e 22/240.2427.481.01 do proxecto de gasto 2100003\_PRACTICUM DEPO 2021



Normativa aplicable:

Estas axudas axustaranse ao previsto nas Bases reguladoras da concesión da subvención: Convocatoria de propostas 2021 do programa ERASMUS+ (EAC/A01/2021, Diario Oficial da Unión Europea 2021/C103/11), así como ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento desta Lei e as Bases número 16 e 24 e seguintes das de execución do orzamento para o ano 2022.

A concesión destas axudas corresponde á Xunta de Goberno en virtude das facultades que lle atribúe a base 16.2ª de Execución do vixente orzamento.

Por todo o exposto, en base aos antecedentes e normativa aplicable a este tipo de axudas, propónse que se acorde a concesión das bolsas de mobilidade a favor do alumnado que participa neste proxecto PRACTICUM DEPO 2021 (1ª mobilidade) nas cantidades detalladas no anexo en concepto de axuda por mobilidade (axuda individual + axuda de viaxe).

Para esta 1ª mobilidade, solicitouse informe de fiscalización para a concesión das bolsas de mobilidade pola contía de 190.215,00€ que se aboará con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/240.2427.481.01.2021 e 22/240.2427.481.01 do proxecto de gasto 2100003\_PRACTICUM DEPO 2021.

A axuda financeira ou parte dela será reembolsada se o participante non cumpre coas súas obrigas. Se o participante rescinde o convenio de participación antes do seu prazo de finalización ou se incumpre o establecido no mesmo, deberá proceder á devolución da cantidade da axuda que se lle aboou.

En caso de rescisión do participante por causas de forza maior, isto é, debido a unha situación ou acontecemento imprevisible e excepcional alleo á vontade do participante e non atribuíble a erro ou negligencia pola súa parte, o participante terá dereito a percibir a contía da axuda correspondente á duración real do período de mobilidade, e calquera fondo restante deberá ser devolto.

Considerando o anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- A concesión das bolsas de mobilidade a favor do alumnado que participa neste proxecto PRACTICUM DEPO 2021 (1ª mobilidade) nas cantidades detalladas no anexo en concepto de axuda por mobilidade (axuda individual + axuda de viaxe). Para esta 1ª mobilidade con destino Italia, Portugal, Irlanda, Malta e Países baixos a contía ascende a 190.215,00€ que se aboará con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/240.2427.481.01.2021 e 22/240.2427.481.01 do proxecto de gasto 2100003\_PRACTICUM DEPO 2021 pertencente ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local.

2.- Notificar este acordo ás partes interesadas.





Dito anexo é como segue:

### ANEXO

Nome e apelidos	Sector	Centro Formación	Destino	Data de inicio mobilidade	Data de fin mobilidade	Total días	Total axuda individual	Axuda viaxe	100% (axuda individual + axuda de viaxe)	90% (axuda individual + axuda de viaxe)	10% (axuda individual + axuda de viaxe)
José Manuel Soto Dios	Actividades físico deportivas no medio natural	IES de Poio	Italia	28/03/2022	03/09/2022	162	6.718,00	360,00	7.078,00	6.370,20	707,80
Dana Álvarez Fernández	Actividades físico deportivas no medio natural	IES de Poio	Italia	28/03/2022	03/09/2022	162	6.718,00	360,00	7.078,00	6.370,20	707,80
Marta Aris Martín	Actividades físico deportivas no medio natural	IES de Poio	Italia	28/03/2022	23/09/2022	182	7.518,00	360,00	7.878,00	7.090,20	787,80
Paulo Montes Alonso	Coidados auxiliares de enfermaría	CPR San Miguel	Italia	28/03/2022	23/09/2022	182	7.518,00	360,00	7.878,00	7.090,20	787,80
Isaac Cámara Gayoso	Coidados auxiliares de enfermaría	CPR San Miguel	Italia	28/03/2022	28/07/2022	125	5.238,00	360,00	5.598,00	5.038,20	559,80
Andrea Cabrera Brito	Coidados auxiliares de enfermaría	CPR San Miguel	Italia	28/03/2022	28/07/2022	125	5.238,00	360,00	5.598,00	5.038,20	559,80
Yaél Barcala Barros	Coidados auxiliares de enfermaría	CPR San Miguel	Italia	28/03/2022	28/07/2022	125	5.238,00	360,00	5.598,00	5.038,20	559,80
Alejandro Martínez González	Instalacións de telecomunicacións	CPR San Miguel	Italia	28/03/2022	28/07/2022	125	5.238,00	360,00	5.598,00	5.038,20	559,80
Juan Manuel Ramilo Pereira	Instalacións de telecomunicacións	CPR San Miguel	Italia	25/03/2022	22/06/2022	92	3.918,00	360,00	4.278,00	3.850,20	427,80
Brais Moreia Pereira	Instalacións de telecomunicacións	CPR San Miguel	Italia	28/03/2022	28/07/2022	125	5.238,00	360,00	5.598,00	5.038,20	559,80
Brais Diéguez Quintá	Instalacións de telecomunicacións	CIFP A Xunqueira	Malta	28/03/2022	28/07/2022	125	5.238,00	360,00	5.598,00	5.038,20	559,80
Brais Gómez Bello	Instalacións de telecomunicacións	CIFP A Xunqueira	Malta	28/03/2022	28/07/2022	125	5.238,00	360,00	5.598,00	5.038,20	559,80
María Reguera Freitas	Xestión Administrativa	CPR San Fermín	Portugal	28/03/2022	03/09/2022	162	6.718,00	180,00	6.898,00	6.208,20	689,80
Miguel Moreno Veleiro	Instalacións de telecomunicacións	IES Florianí	Malta	28/03/2022	28/07/2022	125	5.238,00	360,00	5.598,00	5.038,20	559,80
Samuel Gil Táboas	Instalacións de telecomunicacións	IES Florianí	Malta	28/03/2022	28/07/2022	125	5.238,00	360,00	5.598,00	5.038,20	559,80
Juan Sebastián Sánchez Giraldo	Xestión administrativa	Divino Maestro	Italia	25/03/2022	22/06/2022	92	3.918,00	360,00	4.278,00	3.850,20	427,80
Marta González Puertas	Coidados auxiliares de enfermaría	Divino Maestro	Italia	28/03/2022	23/09/2022	182	7.518,00	360,00	7.878,00	7.090,20	787,80



Catherine De Caso Iglesias	Coidados auxiliares de enfermaría	Divino Maestro	Italia	28/03/2022	03/09/2022	162	6.718,00	360,00	7.078,00	6.370,20	707,80
Alba Fernández Rodríguez	Coidados auxiliares de enfermaría	Divino Maestro	Malta	04/04/2022	10/09/2022	162	6.718,00	360,00	7.078,00	6.370,20	707,80
Alison Santos Miranda	Coidados auxiliares de enfermaría	Divino Maestro	Italia	01/04/2022	07/09/2022	162	6.718,00	360,00	7.078,00	6.370,20	707,80
Tiago Alfonso Rodríguez Silva	Xestión Administrativa	Divino Maestro	Irlanda	28/03/2022	28/07/2022	125	6.030,00	275,00	6.305,00	5.674,50	630,50
Sonia Iglesias Calvo	Coidados auxiliares de enfermaría	Divino Maestro	Italia	18/04/2022	18/08/2022	125	5.238,00	360,00	5.598,00	5.038,20	559,80
Alberto Fernández Chedas	Actividades físico deportivas no medio natural	IES Pintor Colmeiro	Malta	28/03/2022	28/07/2022	125	5.238,00	360,00	5.598,00	5.038,20	559,80
Sheila Rodríguez Payo	Actividades físico deportivas no medio natural	IES Pintor Colmeiro	Portugal	28/03/2022	28/07/2022	125	5.238,00	180,00	5.418,00	4.876,20	541,80
Santiago Peña Fernández	Actividades físico deportivas no medio natural	IES Pintor Colmeiro	Italia	28/03/2022	28/07/2022	125	5.238,00	360,00	5.598,00	5.038,20	559,80
Diego Meijide Gómez	Actividades físico deportivas no medio natural	IES Pintor Colmeiro	Malta	28/03/2022	28/07/2022	125	5.238,00	360,00	5.598,00	5.038,20	559,80
Nicolás Villar Gómez	Actividades físico deportivas no medio natural	IES Pintor Colmeiro	Malta	28/03/2022	28/07/2022	125	5.238,00	360,00	5.598,00	5.038,20	559,80
Rosana Miguel Fraile	Actividades físico deportivas no medio natural	IES Pintor Colmeiro	Malta	28/03/2022	03/09/2022	162	6.718,00	360,00	7.078,00	6.370,20	707,80
Borja Pesqueira Graña	Sistemas microinformáticos e redes	IES Chan do Monte	Portugal	28/03/2022	26/08/2022	154	6.398,00	180,00	6.578,00	5.920,20	657,80
Iker Fernández Rodríguez	Informática básica	IES Chan do Monte	Italia	25/03/2022	22/06/2022	92	3.918,00	275,00	4.193,00	3.773,70	419,30
Miguel Ángel Quinteiro Álvarez	Operacións de laboratorio	IES A Xunqueira I	Holanda	28/03/2022	23/09/2022	182	7.518,00	275,00	7.793,00	7.013,70	779,30
										190.215,00€	

18.31434.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SUXEITO A REGULACIÓN ARMONIZADA, DO SERVIZO DE XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PROGRAMA EN RUTA COA DEPO 2022. (Expte. 2021054402)

A Deputación de Pontevedra, convoca o programa “En ruta coa Depo 2022”, cuxo obxectivo é mellorar a participación dos distintos colectivos sociais da provincia de Pontevedra, promovendo a igualdade de oportunidades para as persoas con discapacidade, así como garantir que as persoas



con menos recursos poidan participar en actividades de ocio, que ao mesmo tempo fomentan o envellecemento activo nalgúns casos e alternativas de ocio e tempo de lecer para a poboación xuvenil da nosa provincia. Ao mesmo tempo, foméntase o turismo activo en todos os concellos, ofertando distintas rutas culturais e educativas, e dinamizando a hostelería local en calquera época do ano.

O programa conta con arraigo entre a poboación destinataria, de xeito que nos últimos anos incrementouse a participación chegando a cubrirse ata 20.000 prazas das cales 400 ofértanse de balde. O contido do Programa consiste en pasar un día de convivencia pola nosa provincia, incluíndose os traslados de ida e de volta en autobús desde os concellos de orixe, sendo en todo momento acompañados por persoal da empresa adxudicataria. As visitas serán guiadas por unha persoa que conte coa habilitación de guía de turismo especializado de Galicia.

A Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, remite ó Servizo de Contratación informe proposta (csv L9D4SYGHR2C74II7) e informe complementario, solicitando a incoación do expediente para levar a cabo a contratación do servizo de Xestión, desenvolvemento e execución do programa “En ruta coa Depo 2022” dentro do ámbito dos programas de participación social.

Xunto coa referida proposta remitiuse o prego de prescricións técnicas e o Anexo I Catálogo de rutas, que rexerán na contratación.

Resultando que con data 24/11/2021, a Intervención emite documento de retención de crédito co número 202100220883 por importe de 432.600€ para o ano 2022, con cargo a aplicación orzamentaria 2022/231.2311.227.07, do correspondente orzamento provincial.

Asemade, na Memoria xustificativa do contrato csv R758JON0RFYWPO2F, o Xefe do Servizo de Contratación xustifica que o réxime xurídico do contrato é administrativo de servizos, encuadrado no tipo previsto no artigo 312 da LCSP correspondente aos contratos de servizos que conleven prestacións directas a favor da cidadanía. O réxime xurídico do contrato determinase mediante a aprobación das bases reguladoras do programa En ruta coa Depo 2022, que foron aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno do día 24 de xaneiro de 2022 (csv 9ZJ1DUAORTX364YR). O procedemento de adxudicación elixido é o aberto atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade-prezo), e indica que, tal como prevé o artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico – administrativas.

Visto o informe emitido pola Secretaría Xeral csv GBVHR4ZW7NEVGQEO, e o informe complementario de contratación csv NW78Y09MRQAYXI4E, remítese o expediente ao Servizo de Intervención para que o fiscalice nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro.



Resultando que con data 1/03/2022 a Intervención informa favorablemente o expediente co csv P5W2T2CVNZ6UHRDZ, no que recolle a seguinte observación:

“En relación ó sinalado no informe de Secretaría, cóincídese na cualificación do contrato e entendemos que non existe risco operacional.

Respecto da recomendación de previsión dun control contable de ingresos, sinalar que, na medida que se trata de ingresos percibidos directamente pola adxudicataria das asociacións ou participantes, non cabe establecer un rexistro contable por parte desta entidade. (...)”

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma. Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a tramitación do expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada do servizo de *“Xestión, desenvolvemento e execución do programa “En ruta coa Depo 2022” organizado pola Deputación de Pontevedra”, polo importe total IVE engadido de 432.600,00€, para un total de 20.000 prazas.*

- O sistema de determinación do prezo: prezo unitario por praza.
- O programa será cofinanciado pola Deputación e as persoas usuarias. Os usuarios adultos aboarán a cantidade de 13,50 euros. Os nenos e nenas de ata 12 anos aboarán o importe resultante de descontar de dita cantidade o desconto ofertado pola empresa licitadora, para os nenos/as en función do tramo de idade de 0 a 3 anos ou de 4 a 12 anos.  
A Deputación asumirá a cantidade restante, resultante do prezo de adxudicación, sendo o importe máximo da achega 21,36€.  
Reservaranse un total de 400 prazas que serán gratuítas para as persoas usuarias, en situación de risco ou exclusión social e/ou que acrediten escasos recursos económicos.
- A Deputación non se compromete a contratar un número mínimo de prazas subvencionadas, xa que a cantidade dependerá do número de persoas pertencentes a cada entidade, que finalmente soliciten participar en cada unha das rutas, sempre sen superar o orzamento máximo previsto para o programa.
- O valor estimado anual ascende a cantidade total de 691.438,02€.
- O prazo de execución do programa establécese desde a súa formalización, debendo realizarse a totalidade das rutas ao longo do ano ata o 31 de decembro de 2022. Recóllese a posibilidade de prórroga.



- 2.- Autorizar a tramitación do gasto por importe máximo de 432.600,00€ que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 22/231.2311.227.07 do vixente orzamento provincial.
- 3.- Aprobar o prego prescricións técnicas csv AOI22J6NI6V4WUH3 o Anexo I Catálogo de rutas csv J46XD7AK63EW9SYN e o prego de cláusulas económico-administrativas csv 7RNQN6WOWC0PK25E.
- 4.- Designar como responsable do contrato á Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude ou a persoa en quen delegue.
- 5.- Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo de presentación de ofertas que rematará as 10 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, contados desde o día seguinte ao envío do anuncio ao DOUE.

19.31435.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DA OBRA “REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA ESCOLA UNITARIA DA ENTIDADE LOCAL DE VILASOBROSO, RECOLLIDA NAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004126 “ENVOLVENTE TÉRMICA SOSTENIBLE I”, QUE CONTA CON COFINANCIAMENTO DO 80 % DO FEDER A TRAVÉS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DO IDAE” (Expte. 2022002143)

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra leva máis de quince anos xestionando proxectos e programas cofinanciados con fondos europeos, polo que posúe unha ampla experiencia relacionada coa execución e a xestión destes proxectos. Non obstante, na medida en que a Unión Europea pretende mellorar ano tras ano os resultados dos proxectos, tamén se van facendo máis complexas as esixencias de cada programa, a especialidade de cada convocatoria e as circunstancias propias da implementación dos proxectos.

Resultando. Que lle corresponde ao Servizo de Cooperación a coordinación, redacción e presentación de proxectos europeos ás convocatorias, así como o seguimento do estado da proposta efectuada pola Deputación ata a súa resolución. Unha vez comunicada, en caso de ser concedida a subvención, derivarase a xestión do proxecto ao servizo correspondente segundo o seu obxectivo temático.

Resultando.- Que neste marco competencial a Deputación aprobou a presentación dunha solicitude de axuda, proposta pola E.L.M. de Vilasobroso, co título “REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA ESCOLA DA E.L.M. DE VILASOBROSO - ENVOLVENTE TÉRMICA SOSTIBLE I” no marco da “Medida 1. Rehabilitación enerxética da envolvente térmica dos edificios municipais existentes”, no eido da economía baixa en carbono, ao abeiro da convocatoria do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital (actualmente denominado Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico), a través do IDAE.



Resultando.- Que mediante a resolución do director xeral do IDAE, de data 08/02/2021, concedeuse unha axuda para este proxecto por importe de 302.647,41€, asignándoselle o número de proxecto FEDER-EELL-2020-004126.

Resultando.- Que na data 30/03/2021 asinouse o convenio de colaboración entre a Deputación e a E.L.M. de Vilasobroso que recollía as obrigas de cofinanciamento e a execución das actuacións pola Deputación.

Resultando.- Que mediante a Resolución Presidencial número RP2021004640 aprobouse o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto D. Domingo Couto Toucedo, que integra a execución da obra “Rehabilitación enerxética da escola da Entidade Local Menor de Vilasobroso, dentro do proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004126 “Envolveinte Térmica Sostible I” que conta co financiamento do 80 % do FEDER a través da convocatoria de axudas a entidades locais para proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020”, cun orzamento base de licitación de 369.735,90 € IVE incluído. O proxecto aprobado ten asinado un código (CSV): F1NCV4K6XJX4DD4N.

Resultando.- Que mediante informe proposta da xefa do Servizo de Cooperación solicitouse ó Servizo de Contratación se iniciaran os trámites para a contratación da obra aprobación da memoria valorada e posterior adxudicación das obras de “Rehabilitación enerxética da escola unitaria da entidade local de Vilasobroso, recollida nas actuacións do proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004126 “Envolveinte térmica sostible I”, que conta con cofinanciamento do 80 % do FEDER a través da convocatoria de axudas do IDAE”.

Resultando.- Que en cumprimento do recollido no parágrafos anteriores, o Servizo de Contratación mediante memoria xustificativa emitida data 15/11/2021 xustifica a necesidade desta contratación indicando a necesidade e idoneidade do contrato manifestando asemade que en relación con procedemento a seguir para esta contratación, de acordo co recollido no artigo 159.1 da LCSP debe de ser o procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que realizados todos os trámites administrativos correspondentes coa preparación do expediente, por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria celebrada o día 26 de novembro de 2021, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado da obra “Rehabilitación enerxética da escola unitaria da entidade local de Vilasobroso, recollida nas actuacións do proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004126 “Envolveinte térmica sostible I”, que conta con cofinanciamento do 80 % do FEDER a través da convocatoria de axudas do IDAE” cun orzamento base de licitación de 369.735,90 € IVE incluído. No mesmo acto aprobáronse o prego de cláusulas económico administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas. O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación (Plataforma de Contratación do Sector Público na data 29/11/2021. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado abreviado.



Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 23/12/2021 acorda que queda constatado que unha vez que rematou o prazo de presentación de ofertas, non se presentou ningunha proposición na plataforma de licitación electrónica VORTAL, polo que a Mesa de Contratación propón ao órgano de contratación declarar deserto o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Rehabilitación enerxética da escola unitaria da entidade local de Vilasobroso, recollida nas actuacións do proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004126 “Envolverte térmica sostenible I”, que conta con cofinanciamento do 80 % do FEDER a través da convocatoria de axudas do IDAE.)”.

Resultando.- Que na súa consecuencia, a Xunta de Goberno na súa reunión de data 10/01/2022 acordou declarar deserto o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Rehabilitación enerxética da escola unitaria da entidade local de Vilasobroso, recollida nas actuacións do proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004126 “Envolverte térmica sostenible I”, que conta con cofinanciamento do 80 % do FEDER a través da convocatoria de axudas do IDAE.)”.

Resultando.- Que posto en comunicación o Servizo de Cooperación con distintas empresas do sector provedores habituais da Deputación de Pontevedra e cos principais do mercado para interesarse polo motivo da súa non presentación á licitación algunhas manifestan que non estaban interesadas, outras manifestan que debido ás datas nas que se publicou a licitación, próximas ao peche anual, non puideron levar a cabo a presentación da súa oferta, pois non dispoñían de recursos para realizar ditas actuacións, e outras manifestan que non tiveron coñecemento do proceso de licitación, manifestando ademais de algunhas das empresas consultadas que teñen interesa en presentarse á licitación nestes momentos.

Resultando.- Que debido á importancia desta axuda concedida polos fondos FEDER para a realización deste proxecto, considérase necesario iniciar un novo expediente de contratación da obra “Rehabilitación enerxética da escola unitaria da entidade local de Vilasobroso, recollida nas actuacións do proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004126 “Envolverte térmica sostenible I”, que conta con cofinanciamento do 80 % do FEDER a través da convocatoria de axudas do IDAE.)”.

Resultando.- Que por elo mediante informe proposta da xefa do Servizo de Cooperación coa conformidade da Deputada Delegada desa área, solicítase que se inicien novamente os trámites administrativos para proceder a unha nova licitación deste contrato. Xunto co informe xúntase proxecto de execución da obra “Rehabilitación enerxética da escola unitaria da entidade local de Vilasobroso, recollida nas actuacións do proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004126 “Envolverte térmica sostenible I”, que conta con cofinanciamento do 80 % do FEDER a través da convocatoria de axudas do IDAE”, redactado polo arquitecto Domingo Couto Toucedo, cun orzamento base de licitación de 369.735,90 € IVE incluído. O proxecto aprobado ten asinado un código (CSV): F1NCV4K6XJX4DD4N.



Resultando.- Que con data 01/02/2022 emitiu informe o xefe de Servizo de Contratación, recollendo o seguinte: “... neste nove expediente non foron modificadas en ningún dos seus termos as propostas emitidas polos Servizos, e tampouco foi modificado o proxecto de execución da obra redactado polo arquitecto D. Domingo Couto Toucedo aprobado por Resolución Presidencial número RP2021004640, polo que podera conservarse a o proxecto de execución da obra “Rehabilitación enerxética da escola unitaria da entidade local de Vilasobroso, recollida nas actuacións do proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004126 “Envolvente térmica sostenible I”, que conta con cofinanciamento do 80 % do FEDER, cun orzamento base de licitación de 369.735,90 €. De conformidade cos artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no expediente de contratación debe constar motivada a necesidade e idoneidade do contrato, o prego de prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas así como a acreditación da existencia de crédito adecuado e suficiente e a súa retención na aplicación correspondente, previos a aprobación do expediente polo órgano de contratación. Todos estes documentos constan no expediente que quedou deserto polo que procedería a súa conservación, toda vez que os actos e trámites cuxo contido non fose modificado nin obxecto de infracción, poderase preservar e dar validez. A conservación do acto administrativo ven recollido no artigo 51 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que persegue, en virtude do principio in favor acti e en cumprimento dos principios de eficiencia e economía procedimental, aproveitar aqueles actos ou trámites que poidan chegar a ser válidos dunha forma ou de outra. Non obstante, levarase a cabo a tramitación preceptiva solicitando informe á Secretaría e a Intervención, e elevando posteriormente a ó Órgano de Contratación...”

Considerando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adjudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado abreviado recollido no artigo 159.6 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Considerando.- Que o artigo 51 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común recolle o seguinte: “...o órgano que declare a nulidade ou anule as actuacións disporá sempre a conservación de aqueles actos e trámites cuxo contido se mantivera igual de non terse cometido a infracción...”.

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.





Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “A *adxudicación realizárase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...*”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, onde figura que lle compete á Xunta de Goberno a disposición e autorización dos gastos precisos para a contratación de obras que sendo competencia da Presidencia, superen o valor estimado de dous centos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Conservar no presente expediente os seguintes trámites e actos do expediente que quedou deserto con número 2021040416:
  - Proxecto (CSV): F1NCV4K6XJX4DD4N
  - Informe técnico proxecto (CSV): P46CVLJ3ZHMKREQI
  - Informe favorable IDAE (CSV): QMOWR3L85PYPPAI5
  - Informe Intervención proxecto (CSV): G1FNWXA5FFGK5GAD
  - RP aprobación proxecto (CSV): YO5RQMN17SOLJEY9
  - Informe complementario etiquetas (CSV): 9PL5X9JOXK294HKR
  - Informe complementario prezos (CSV): 663FH94LBY116DNQ
  - Acta trazado previo (CSV): XBCGHUIR47PKZ4VS
  - Memoria xustificativa (CSV): HU8Z03G3UAU4K1M5



2. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “rehabilitación enerxética da escola unitaria da entidade local de Vilasobroso, recollida nas actuacións do proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004126 “Envolvente térmica sostenible I”, que conta con cofinanciamento do 80 % do FEDER a través da convocatoria de axudas do IDAE”, cun orzamento base de licitación de 369.735,90 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe .....	305.566,86 €
IVE (21%) .....	64.169,04 €
Importe total .....	369.735,90 €

3. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas ó que se lle asignou o (CSV) DLXX2NNT8J2J6VOS, e o de prescricións técnicas con (CSV) F1NCV4K6XJX4DD4N, que rexerán neste procedemento.
4. Autorizar o gasto por importe de 369.735,90 €, financiando con cargo á aplicación orzamentaria 22/942.1700.652.15.2021 un importe de 256.243,64 € e 22/942.1700.652.15 un importe de 113.492,26 €.
5. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

20.31436.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SUXEITO Á REGULACIÓN HARMONIZADA, SEGUIDO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PROGRAMA DEPOTERMAL 2022. (Expte. 2021043124)

A Deputación de Pontevedra , a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, leva a cabo o plan de termalismo social Depotermal 2022 que ten como finalidade facilitar aos veciños e veciñas da provincia de Pontevedra o acceso a actividades de ocio saudable e envellecemento activo en establecementos hostaleiros. Así mesmo, pretende ser un plan dinamizador da economía da provincia, impulsando a creación e o mantemento de postos de traballo no sector turístico durante os períodos de menor actividade, desestacionalizando a demanda.

Trátase dun plan cun claro obxectivo social, xa que facilita o acceso ao turismo de saúde a persoas que doutro modo non poderían beneficiarse da súa dobre función, como período de vacacións e tamén como tratamento sanitario, pero que ofrece tamén bos resultados en termos de sustentabilidade económica para a provincia.



Este programa está dirixido a persoas empadroadas na provincia de Pontevedra nadas antes de 1972, que teñan a condición de pensionistas ou que precisen un respiro familiar. A súa participación no programa poderá ser nunha das dúas modalidades que se ofrecen:

- \_ Programa de asistencia diaria a instalacións termais durante cinco días consecutivos en xornada de mañá ou tarde, que contará con 1.248 prazas.
- \_ Programa termal de pernoita en réxime de pensión completa de domingo a venres, que contará con 3.186 prazas.

A Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, remite ó Servizo de Contratación informe proposta (csv F7HKC3WL5VZCAGFO) solicitando a incoación do expediente para levar a cabo a contratación do servizo de *“Xestión, desenvolvemento e execución do programa “Depotermal 2022” dentro do ámbito dos programas de participación social.*

Xunto coa referida proposta remitiuse o prego de prescricións técnicas que rexerán na contratación.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, en sesión ordinaria de data 23 de decembro de 2021, adoptou o acordo: *“7.31104.- Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, do “Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa DEPOTERMAL 2022”.*

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE con data 24/01/2022 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 24/01/2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 10 de febreiro de 2022, procedeu á apertura electrónica dos sobres A correspondentes a documentación administrativa, presentada polas empresas que participan neste procedemento, acordando admitir as seguintes empresas:

VIAJES EL CORTE INGLÉS S.A. (lote nº 1 e lote nº 2)

HALCÓN VIAJES S.A. (lote nº 1 e lote nº 2)

NAUTALIA VIAJES SL. (lote nº 1 e lote nº 2)



A continuación a Mesa, procede a descriptación e descarga da documentación dos sobres B, correspondente ós criterios de valoración automática presentada polas empresas admitidas ó procedemento. O valores ofertados foron os seguintes:

VIAJES EL CORTE INGLÉS S.A.

lote nº 1 Programa de asistencia diaria

PREZO unitario ofertado por persoa participante no Programa de asistencia diaria, CATEGORÍA e INCREMENTO do número de establecementos:

	Nome do establecemento	Categoría do establecemento (3 ou 4 estrelas)	Prezo unitario por persoa
<input type="checkbox"/>	1 SPA NORAT TORRE DO DEZA (Lalín)	4 ESTRELAS	124€
<input type="checkbox"/>	2 SPA NORAT MARINA O GROVE	4 ESTRELAS	124€
<input type="checkbox"/>	3 EUROSTARS ISLA DE LA TOJA	4 ESTRELAS	121€
<input type="checkbox"/>	4 TERMAS DE CUNTIS	4 ESTRELAS	121€
<input type="checkbox"/>	5 BALNEARIO DE MONDARIZ	4 ESTRELAS	121€
<input type="checkbox"/>	6 SPA GALATEA PORTONOVO	4 ESTRELAS	100€
<input type="checkbox"/>	7 SPA CARLOS I SANXENXO	4 ESTRELAS	99€
<input type="checkbox"/>	8 SPA NUEVO ASTUR SANXENXO	3 ESTRELAS	99€

O prezo unitario ofertado por cada establecemento, non pode superar o importe de 133,88,00 euros.

O número de establecementos ofertados será de un mínimo de 5 e opcionalmente poderanse ofertar ata 3 a maiores.

## 2.- Promoción e difusión do programa:

Trípticos Informativos	Sinalar cun X
500	
1000	X
Anuncios prensa de ámbito provincial	
6	
10	x
Cuñas de radio de emisoras de ámbito provincial	
80	
100	x

Nota importante: Sinalar cunha X só una das dúas opción.



**3.-Antigüidade media dos autobuses propostos para a execución do programa**

Ata tres anos de antigüidade	x
Antigüidade media de 3 a 5 anos	

*Nota importante:* Sinalar cunha X só una das dúas opcións.

*A antigüidade media calcularase como a media aritmética dos anos de antigüidade de todos os autobuses na data de finalización do prazo de presentación de ofertas.*

**4.- Servizo dun refrixerio durante as viaxes ás persoas participantes**

	SI	NON
A empresa oferta un refrixerio	x	

*Nota importante:* Sinalar cunha X só una das dúas opcións

**5.- Saídas por cada estadía a maiores das dúas esixidas:**

Terceira saída <input type="checkbox"/>
Cuarta saída <input type="checkbox"/>
Quinta saída <input checked="" type="checkbox"/>

**6.- Aumento do número de guías oficiais por queda e establecemento respecto do mínimo esixido.**

	SI	NON
A empresa oferta 2 guías por queda e establecemento		x

*Nota:* Sinalar cun X a opción elixida

**7.- Oferta dunha póliza de asistencia en viaxe para a persoas asistentes ao programa coas coberturas mínimas que se detallan a continuación:**
**Coberturas mínimas:**

- Gastos médicos ou cirúrxicos por enfermidade ou accidente. Sen límite en centros concertados da aseguradora, cun límite de 1800 euros en centros de libre elección.
- Gastos odontolóxicos e urxencia: mínimo 30 euros.
- Transporte sanitario de persoas feridas e enfermas: incluído.
- Desprazamentos de acompañantes en caso de hospitalización da persoa asegurada por un período superior a 5 días.
- Aloxamento de acompañantes en caso de hospitalización da persoa asegurada por un período superior a 5 días.
- Servizo 24 horas: incluído



- Traslado da persoa asegurada falecida: incluído.
- Prestación en caso de falecemento e incapacidade derivada de accidente: capital mínimo 1.500 euros.

	SI	NON
A empresa oferta a póliza coas coberturas indicadas	X	

*Nota importante:* Sinalar cunha X só una das dúas opcións.

Lote nº 2 Programa con Pernoita

1.- PREZO unitario ofertado por persoa participante no Programa de pernoita, CATEGORÍA e INCREMENTO do número de establecementos:

Nº	Nome do establecemento	Categoría do establecemento (3 ou 4 estrelas)	Prezo Unitario por persoa
<input type="checkbox"/>	1 GRAN HOTEL TALASO SANXENXO	4 ESTRELAS	328€
<input type="checkbox"/>	2 SPA CARLOS I SILGAR SANXENXO	4 ESTRELAS	323€
<input type="checkbox"/>	3 BALNEARIO TERMAS CUNTIS HOTEL CASTRO	4 ESTRELAS	315€
<input type="checkbox"/>	4 SPA NORAT TORRE DO DEZA LALIN	4 ESTRELAS	311€
<input type="checkbox"/>	5 SPA GALATEA PORTONOVO	4 ESTRELAS	298€
<input type="checkbox"/>	6 SPA NANIN PLAYA SANXENXO	3 ESTRELAS	283€
<input type="checkbox"/>	7 NUEVO ASTUR SPA SANXENXO	3 ESTRELLAS	230€
<input type="checkbox"/>	8		.....€

O prezo unitario ofertado por cada establecemento, non pode superar o importe de 350,91,00 euros.

O número de establecementos ofertados será de un mínimo de 5 e opcionalmente poderanse ofertar ata 3 a maiores.

2.- Promoción e difusión do programa:

Trípticos Informativos	Sinalar cun X
1.500	
2000	X
Anuncios prensa de ámbito provincial	
6	
10	X
Cuñas de radio en emisoras de ámbito provincial	
80	
100	X

